

ROGO DO GRUPO MUNICIPAL MAREA PONTEVEDRA (DISPOSITIVO DE SEGURIDADE NA ROMERÍA DE SAN BIEITO)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Na pasada Romaría de San Bieito, ano 2016, os servizos de emerxencias sanitarias tiveron que acudir atender a varias persoas que se atopaban nas inmediacións desta festa, concretamente no adro da igrexa.

Ante a ubicación dos postos da venta ambulante no único vial de acceso existente a igrexa e xunto coa afluencia de público, **fixo imposible** o acceso deste dispositivo para atender as persoas doentes, quedando estacionada a ambulancia na rotonda que da acceso ao devandito vial, onde tamén se atopaba a policía local.

Ante estas circunstancias a agrupación de protección civil veuse obrigada a transportar en padiola desde a igrexa ata esta rotonda as persoas doentes, polo medio do público asistente e sen poder recibir a asistencia técnica especializada en emerxencia ata que non chegaron a ambulancia, facendo un percorrido de mais de 150 metros. Isto provocou demoras no tempo de asistencia sanitaria afectando directamente a saúde dos e das doentes.

Por todo isto presentamos **o seguinte ROGO:**

1. Que se poña en marcha un dispositivo de seguridade ben planificado e coordinado, habilitando vías de acceso e saída ao adro da igrexa de San Bieito e inmediacións para os servizos de emerxencias, en especial das sanitarias.
2. Que se habilite unha vía de comunicación entre a Policía local e a dotación da agrupación de protección civil que estean de servizo durante esta celebración festiva.